

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

12889 *Real decreto 1067/2015, do 27 de novembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Investigación e se aproba o seu estatuto.*

O coñecemento científico, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación representan actividades esenciais no progreso económico e social do noso país. O tamaño e a complexidade do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación quedan reflectidos na contía dos recursos investidos en actividades de I+D+i, nos resultados e no impacto das actividades financiadas e na diversidade de actuacións públicas dedicadas á promoción e ao fomento da I+D+i. O incremento sostido dos recursos públicos destinados ao fomento da I+D+i permitiu crear novos centros de investigación, pór en marcha novas instalacións e infraestruturas científico-técnicas e desenvolver proxectos de grande envergadura científica e tecnolóxica e impacto socioeconómico. Na actualidade, malia os axustes orzamentarios que tiveron lugar desde o inicio da crise en 2009, o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación é un sistema consolidado que require, con obxecto de mellorar os niveis de eficiencia, un novo modelo de financiamento e xestión dos fondos públicos destinados ao financiamento das actividades de I+D+i. Así queda reflectido nas recomendacións realizadas por un grupo de expertos internacionais, no informe denominado «European Research Area Committee (ERAC) Peer Review», durante o proceso de avaliación das políticas de I+D+i en España levado a cabo durante o primeiro semestre de 2014 por iniciativa do Ministerio de Economía e Competitividade.

O financiamento público da investigación científica e técnica a través de convocatorias competitivas estivo vinculado ás actuacións contidas nos sucesivos plans nacionais de I+D+i, que trataron de dar resposta, non sen dificultades, á realidade dun sistema de maior tamaño e crecentemente heteroxéneo e complexo desde o punto de vista dos axentes de execución e dos obxectivos perseguidos. A esta complexidade, derivada da madurez do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, hai que sumar os retos asociados á internacionalización da investigación científica e a innovación, e a crecente competencia a nivel global que caracteriza a xeración de coñecementos, as súas posteriores aplicacións e a posta en valor dos resultados obtidos.

Desde a aprobación do I Plan nacional de I+D (1988-1991) e até a do vixente Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 polo Consello de Ministros na súa reunión do 1 de febreiro de 2013, os sucesivos plans nacionais foron unha ferramenta fundamental de fomento, planificación e coordinación da política científica e tecnolóxica da Administración xeral do Estado. Na actualidade, o Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 constitúe unha ferramenta ao servizo das políticas de investigación e innovación da Administración xeral do Estado para a consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación 2013-2020.

Tanto na Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación 2013-2020 como nas propias recomendacións realizadas polo comité de expertos ao cal se fixo referencia púxose de relevo a necesidade de introducir as reformas necesarias que aseguren a adopción de principios de organización e xestión das políticas de investigación e innovación eficientes e adaptados ás necesidades presentes e futuras do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación e os seus axentes. Mellorar a eficacia dos servizos prestados pola Administración xeral do Estado neste ámbito incorporando, ademais, as mellores prácticas internacionais constitúe un dos obxectivos asociados á creación da Axencia Estatal de Investigación, en diante, a Axencia, tal e como ademais recolle a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Así, cabe sinalar a existencia, desde hai décadas, en todos os países líderes en investigación e innovación, de axencias destinadas

á xestión do financiamento público competitivo que comparten os principios fundacionais de autonomía e rendición de contas, mentres que o sistema de fomento da investigación en España, aínda que próximo en procedementos ao doutros países, carece até a data dun ente xuridicamente diferenciado onde os ditos principios sexan intrínsecos.

Para dotar as políticas públicas de I+D e o conxunto do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación de maior eficiencia e eficacia é imprescindible definir un modelo de xestión e financiamento que garanta a rendición de contas das subvencións outorgadas; mellore e estenda o seguimento *ex post* das actuacións subvencionadas con obxecto de incrementar o impacto dos resultados ligados ao investimento da Administración xeral do Estado en materia de fomento da I+D; racionalice a xestión dos fondos dispoñibles incluíndo os fondos estruturais dedicados á promoción da I+D+i e reduza as cargas administrativas soportadas polos cidadáns e, asemade, simplifique e estandarice os procedementos utilizados dentro da propia Administración xeral do Estado. Ademais, o novo modelo de xestión dos recursos públicos destinados ao fomento da I+D debe permitir unha mellora substantiva na planificación das actuacións, reducindo a incerteza e dotándoas da estabilidade que as actividades de investigación requiren.

Nun momento en que o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación representa un elemento central na transformación e modernización da economía española, cómpre proceder á racionalización das estruturas de xestión das axudas destinadas ao fomento e ao financiamento da I+D dentro da Administración xeral do Estado, considerando a simplificación dos procedementos administrativos, a transparencia e a rendición de contas como piares dunha Administración pública máis eficiente e eficaz.

Por último, coa creación da Axencia dáse resposta ao marco establecido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ao mesmo tempo que a reforma da xestión e do financiamento da I+D forma parte dun proceso máis amplo de modernización e simplificación das administracións públicas iniciado polo Goberno no ano 2012. Por todo isto, a creación e posta en marcha da Axencia, dedicada a xestionar e financiar as actuacións que derivan da implementación das políticas de I+D da Administración xeral do Estado, representa un avance imprescindible.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, separa as tres funcións básicas que corresponden aos axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación: a definición e coordinación das políticas de I+D; o fomento ou o financiamento das actividades de I+D e a súa execución.

A responsabilidade no deseño e coordinación das políticas de I+D+i da Administración xeral do Estado corresponde á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, que seguirá exercendo as ditas competencias incluíndo a dirección das relacións internacionais nesta materia e a representación española en programas, foros e organizacións internacionais e da Unión Europea da súa competencia, así como as que lle corresponden de acordo co establecido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, referidas á elaboración e coordinación da Estratexia española de ciencia e tecnoloxía e de innovación e á elaboración do Plan estatal de investigación científica e tecnolóxica e de innovación, e os seus mecanismos de seguimento. Igualmente, corresponde á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación promover o deseño do Sistema de información sobre ciencia, tecnoloxía e innovación establecido no artigo 11 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Pola súa parte, os axentes de financiamento da Administración xeral do Estado son a Axencia e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, ambos adscritos ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, cada organismo coas funcións e no ámbito que o lexislador lles encomendou.

A Axencia é o instrumento para a modernización da xestión pública das políticas estatais de I+D en España e encárgase do financiamento, avaliación, concesión e seguimento das actuacións de investigación científica e técnica. A Axencia responderá aos principios de transparencia e eficiencia garantindo, asemade, a adopción dun modelo de

xestión eficaz que simplifique os procedementos e diminúa as cargas administrativas para os cidadáns.

De acordo coas conclusións do informe de expertos «European Research Area Committee (ERAC) Peer Review», a eficiencia na xestión do financiamento público da I+D que se asigna á Axencia depende das súas funcións e competencias e do seu deseño e principios de funcionamento, que deben permitir solucionar as moitas deficiencias detectadas, entre as cales destacan a falta de estabilidade en termos de financiamento e procedementos; a existencia dunha plétora de instrumentos moitos dos cales se manteñen con niveis de financiamento subóptimos; o fomento da excelencia mediante a concesión de axudas en concorrencia competitiva, e a avaliación por pares independentes incluíndo expertos internacionais. Ademais, a Axencia debe promover o intercambio de coñecemento e asegurar o impacto e as contribucións da investigación na economía e na busca de solucións aos retos sociais, fortalecendo a coordinación entre o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial e a Axencia.

Con este fin, este real decreto, que consta dun único artigo, aproba o estatuto da Axencia Estatal de Investigación e inclúe catro disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Pola súa parte, o estatuto que se aproba estrutúrase en nove capítulos que recollen de forma ordenada todos os aspectos que, conforme a Lei 28/2006, do 18 de xullo, debe conter o estatuto dunha axencia estatal.

En liña coa vontade política de fomentar a xeración e a aplicación do coñecemento científico e técnico en todos os ámbitos do saber como pilar fundamental do benestar social e do desenvolvemento económico do noso país, o estatuto recolle no seu capítulo I a natureza, obxecto, réxime xurídico e potestades administrativas da Axencia, e establece, pola súa vez, o marco xeral de participación e colaboración desta con outras institucións e órganos da Administración xeral do Estado e con outras administracións, así como a adscrición e sede da Axencia.

Os capítulos II e III establecen, respectivamente, as funcións da Axencia acordes coa súa natureza e misión e os principios básicos de actuación da Axencia no exercicio e consecución daquela.

No capítulo IV, dedicado á estrutura orgánica da Axencia, regúlanse os órganos de goberno, os órganos de asesoramento científico-técnicos e os executivos, mentres que é o seguinte capítulo o que desenvolve a estrutura básica para que a Axencia conte coa capacidade de xestión e flexibilidade necesarias para a consecución dos seus obxectivos. A estrutura básica da Axencia inclúe, dependendo do director da Axencia, a Secretaría Xeral, a División de Programación e Xestión Económica e Administrativa e a División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico.

O capítulo V refírese a dous dos aspectos máis relevantes da Axencia: o contrato de xestión e o plan de acción anual. E xa os capítulos VI ao IX regulan os aspectos relativos á contratación e ao réxime patrimonial, ao réxime de persoal, ao réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control e ao marco xurídico-administrativo das normas que dite a Axencia; todo isto conforme o previsto na Lei 28/2006, do 18 de xullo.

Por outro lado, dado que a Axencia nace da absorción de órganos actualmente existentes na estrutura da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, e dado o mandato de que a súa creación se realice sen incremento neto de estrutura ou de persoal, dotándose, exclusivamente, mediante a correspondente redistribución de efectivos, faise necesario proceder a modificar a estrutura daquel órgano superior, polo que é preciso modificar o Real decreto 345/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Competitividade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais. Do mesmo modo, modifícase o Real decreto 1951/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o estatuto do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), como consecuencia da integración na Axencia das actividades de xestión e financiamento da investigación que actualmente se desenvolven no instituto.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Economía e Competitividade, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Creación da Axencia Estatal de Investigación e aprobación do seu estatuto.*

1. En virtude da autorización dada ao Goberno na disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e da disposición adicional nonaxésimo terceira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, este real decreto ten por obxecto a creación da Axencia Estatal de Investigación, en diante, a Axencia. Para tal fin, apróbase o estatuto da dita Axencia, cuxo texto se insire a continuación deste real decreto.

2. A Axencia ten como misión o fomento da investigación científica e técnica en todas as áreas do saber mediante a asignación competitiva e eficiente dos recursos públicos, o seguimento das actuacións financiadas e do seu impacto, e o asesoramento na planificación das accións ou iniciativas a través das cales se instrumentan as políticas de I+D da Administración xeral do Estado.

3. Todas as mencións que calquera disposición conteña sobre o Ministerio de Economía e Competitividade, a Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica e a Dirección Xeral de Innovación e Competitividade referidas ás competencias que o estatuto que se aproba mediante este real decreto atribúe á Axencia se entenderán realizadas a esta. Exceptúanse do anterior as competencias atribuídas directamente ao ministro de Economía e Competitividade.

4. A distribución de competencias que leva a cabo este real decreto realízase sen prexuízo das competencias actualmente atribuídas a outros departamentos.

Disposición adicional primeira. *Constitución efectiva da Axencia Estatal de Investigación.*

1. A efectiva posta en funcionamento da Axencia producirase coa celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar no prazo máximo de sesenta días desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Desde a súa posta en funcionamento a Axencia subrogarase en todos os dereitos e obrigacións derivados de competencias dos órganos dependentes da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación que, en virtude deste real decreto, se atribúan a aquela e, en concreto, nos contratos, convenios e encomendas subscritos no exercicio das competencias asignadas á Axencia.

3. A Axencia realizará o primeiro inventario dos bens que se lle adscriban e dos que, se for o caso, adquirise para o inicio da súa actividade no prazo máximo de seis meses desde a súa constitución.

Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos.*

1. Na data de constitución efectiva da Axencia quedan suprimidos os seguintes órganos da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación:

- a) A Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- b) A Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica.
- c) A Dirección Xeral de Innovación e Competitividade.
- d) A Subdirección Xeral de Proxectos de Investigación.
- d) A Subdirección Xeral de Recursos Humanos para a Investigación.
- e) A Subdirección Xeral de Fondos Europeos para a Investigación.
- f) A Subdirección Xeral de Proxectos Internacionais.
- g) A Subdirección Xeral da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva.
- h) A Subdirección Xeral de Xestión Económica e Axudas á Investigación.

- i) A Subdirección Xeral de Transferencia de Tecnoloxía.
- j) A Subdirección Xeral de Planificación de Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas.
- k) A Subdirección Xeral de Colaboración Público-Privada.
- l) A Subdirección Xeral de Competitividade e Desenvolvemento Empresarial.
- m) A Subdirección Xeral de Xestión Económica e Axudas de Innovación.
- n) A Subdirección Xeral de Fomento da Innovación Empresarial.
- ñ) A Subdirección Xeral de Relacións Institucionais.
- o) A Subdirección Xeral de Relacións Internacionais e con Europa.
- p) A Subdirección Xeral de Planificación e Seguimento.
- q) O Gabinete Técnico da Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

2. A Axencia quedará subrogada na totalidade dos dereitos e obrigacións dos órganos suprimidos cuxas competencias asume e dos cales fose titular o Ministerio de Economía e Competitividade, e sucederá a este en todas aquelas competencias e funcións, de acordo co establecido no artigo único deste real decreto, co fin de garantir o mantemento e a conclusión dos contratos e relacións xurídicas de toda índole.

3. As mencións que a normativa vixente faga á Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, á Dirección Xeral de Innovación e Competitividade e ás subdireccións xerais dependentes que quedan suprimidas entenderanse realizadas á Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación, á Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e ás subdireccións xerais que, en virtude da disposición derradeira primeira, se crean, salvo para aquelas funcións que se atribúan á Axencia.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de persoal.*

1. Os funcionarios que pasen a prestar servizo na Axencia permanecerán na situación de servizo activo no seu corpo ou escala e conservarán a antigüidade, o grao e as retribucións que tivesen consolidados e cos mesmos dereitos e obrigacións que tivesen no momento da incorporación. Así mesmo, queda incorporado á Axencia o persoal funcionario interino que viñese prestando servizos nos órganos suprimidos, mentres se manteña a causa que deu orixe ao seu nomeamento.

2. O persoal estatutario que pase a prestar servizo na Axencia conservará a antigüidade, o grao e as retribucións que tivese consolidados e cos mesmos dereitos e obrigacións que tivese no momento da incorporación.

3. A Axencia subrogarase nos contratos de traballo concertados co persoal suxeito a dereito laboral, que pasará a se integrar no cadro de persoal daquela nos mesmos grupos, categorías e áreas de traballo a que estivesen adscritos, cos mesmos dereitos e obrigacións que tivesen no momento da incorporación.

4. Mediante unha resolución da Subsecretaría de Economía e Competitividade determinarase o persoal que se incorpora na Axencia no momento da súa constitución, de acordo co previsto nos números anteriores. A resolución ditarase por proposta da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, logo de estudo das funcións e competencias que tivese atribuídas o persoal ao seu servizo, e as que, con posterioridade á súa constitución, asuman a Axencia e a Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Disposición adicional cuarta. *Articulación das funcións do Instituto de Saúde Carlos III relativas ao fomento, á avaliación e á coordinación da investigación biomédica e sanitaria coa Axencia Estatal de Investigación.*

A Comisión Mixta de Coordinación entre o Ministerio de Economía e Competitividade e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade regulada no Real decreto 1589/2012, do 23 de novembro, promoverá a sinatura, no prazo máximo dun ano, dun convenio entre a Axencia Estatal de Investigación e o Instituto de Saúde Carlos III para a articulación e coordinación das actividades de financiamento da investigación científica e técnica a que se refire o número 1 do artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, e, en xeral, das relativas ao fomento, á avaliación e á coordinación da investigación biomédica e sanitaria.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio da dirección da Axencia e dos órganos e unidades suprimidos.*

1. Mentres non se proceda ao nomeamento do titular da Dirección da Axencia conforme as previsións do artigo 12 do estatuto, o titular da Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica que se suprime con este real decreto asumirá transitoriamente as funcións que a Lei 28/2006, do 18 de xullo, e o propio estatuto encomendan ao órgano executivo da Axencia estatal que se crea.

2. Até a aprobación da relación de postos de traballo da Axencia, as unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de subdirección xeral encadrados nos órganos suprimidos por este real decreto e que se incorporen á Axencia subsistirán transitoriamente e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios.

Disposición transitoria segunda. *Garantía de continuidade na execución da política de financiamento, avaliación e seguimento.*

1. Os procedementos correspondentes a actividades de carácter plurianual desenvolvidas no marco do VI Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2008-2011, prorrogado para o ano 2012, e do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación para o período 2013-2016 continuarán sendo tramitados conforme a súa propia normativa e polas unidades e autoridades que correspondan, de acordo co réxime transitorio establecido neste real decreto.

2. O seguimento científico-técnico e económico-financeiro de todas as actuacións derivadas do VI Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2008-2011 e do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación para o período 2013-2016, aínda vixentes na data de constitución da Axencia, continuarano tramitando as unidades e autoridades que correspondan, de acordo co réxime transitorio establecido neste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Servizos comúns.*

Os servizos xerais e comúns do Ministerio de Economía e Competitividade continuarán exercendo, en relación coa Axencia Estatal de Investigación, as competencias que tiñan atribuídas respecto aos órganos e unidades que se suprimen durante os seis meses seguintes á posta en funcionamento daquela.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime orzamentario e de rendición de contas transitorio.*

Mentres a Axencia Estatal de Investigación non dispoña de orzamento propio aprobado mediante norma con rango de lei, os seus gastos imputaranse na forma e con cargo aos créditos previstos para a Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, a Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica, a Dirección Xeral de Innovación e Competitividade e o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

Durante os exercicios 2015 e 2016 non se alterará a estrutura orzamentaria vixente e a Axencia desenvolverá a súa actuación de acordo co réxime orzamentario, de contabilidade e control e de rendición de contas aplicable á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, á Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, á Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica, á Dirección Xeral de Innovación e Competitividade e ao Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, nos termos previstos na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015; na Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición transitoria quinta. *Contrato de xestión.*

1. Mentres non se aprobe o contrato de xestión mediante orde ministerial conxunta do Ministerio de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas, a

actuación da Axencia desenvolverase conforme os criterios e directrices establecidos no plan inicial de actuación que se incorpora á memoria á cal se refire o artigo 3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, así como as actuacións que se vaian executar derivadas da aprobación dos plans de investigación científica e técnica e de innovación, segundo o establecido pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, reflectidas nos seus correspondentes programas anuais de actuación.

2. O Consello Reitor aprobará a proposta de contrato de xestión nun prazo non superior a tres meses desde a súa constitución.

3. Mentres non se aprobe o contrato de xestión, será de aplicación o réxime vixente do Ministerio de Economía e Competitividade para a asignación dos importes de produtividade do persoal funcionario. En todo caso, a percepción dos importes correspondentes deberá ser previamente autorizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. A orde ministerial a que se refire o artigo 14 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, e pola que se aprobe o contrato de xestión, determinará os créditos orzamentarios que financien os recursos persoais e materiais que pasen a formar parte da Axencia, sen prexuízo do establecido na disposición adicional terceira e nas disposicións transitorias terceira e cuarta.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde CIN/1507/2010, do 27 de maio, pola que se regula a Comisión Asesora de Política Científica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 345/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Competitividade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

O Real decreto 345/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Competitividade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, queda modificado como segue:

Un. O artigo 10 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 10. *Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.*

1. A Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación exercerá as funcións previstas no artigo 14 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias en materia de investigación científica e técnica, desenvolvemento e innovación, incluíndo a dirección das relacións internacionais nesta materia e a representación española en programas, foros e organizacións internacionais e da Unión Europea da súa competencia.

2. Da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación dependerán os seguintes órganos directivos:

a) A Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación, con rango de subsecretaría.

b) A Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

3. Así mesmo, depende directamente da Secretaría de Estado a Subdirección Xeral de Coordinación de Organismos Públicos de Investigación, que realizará funcións de apoio á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en materia de impulso, desenvolvemento e coordinación das actividades dos organismos públicos de investigación adscritos á Secretaría de Estado.

4. Como órgano de asistencia inmediata ao titular da Secretaría de Estado existe un gabinete, con nivel orgánico de subdirección xeral, coa estrutura que se establece no artigo 14.3 do Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro.

5. Para o asesoramento xurídico da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación existirá unha Avogacía do Estado integrada organicamente na do departamento.

6. Adscríbese ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Axencia Estatal de Investigación (AEI), cuxa presidencia desempeñará o titular da dita secretaria de Estado.

7. Adscríbese ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

8. Adscríbense ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, os seguintes organismos públicos de investigación:

- a) A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).
- b) O Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII).
- c) O Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA).
- d) O Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (Ciemat).
- e) O Instituto Español de Oceanografía (IEO).
- f) O Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME).

9. O Instituto de Astrofísica de Canarias relacionarase coa Administración xeral do Estado a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, cuxo titular presidirá o Consello Reitor do Instituto de Astrofísica de Canarias.

10. A Inspección Xeral do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dependerá funcionalmente do titular da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para o exercicio das súas competencias respecto de órganos e materias do ámbito de atribucións da dita secretaria de Estado.»

Dous. O artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación.*

1. A Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación exercerá, respecto das unidades dependentes dela, as atribucións previstas no artigo 16 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, en materia de innovación.

2. Dependen da Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación as seguintes subdireccións xerais:

a) A Subdirección Xeral de Promoción da Competitividade, que exercerá as seguintes funcións:

1.^a A emisión dos informes motivados previstos no Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regula a emisión polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos.

2.^a A elaboración dos informes relativos a que o empregador reúne as características adecuadas para realizar actividades de I+D+i, co obxecto de

autorizar a residencia e o traballo en España de estranxeiros, a que se refire o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril.

3.^a A coordinación das axudas de Estado coa Axencia Estatal de Investigación e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, así como a coordinación interministerial e con Europa para garantir a correcta aplicación das referidas axudas de Estado no marco da normativa vixente.

4.^a A xestión dos premios nacionais en materia de investigación e de innovación e deseño.

5.^a A xestión do Rexistro de Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal.

6.^a A acreditación e xestión do rexistro de pemes innovadoras previsto no Real decreto 475/2014, do 13 de xuño, sobre bonificacións na cotización á Seguridade Social do persoal investigador.

7.^a A promoción e a colaboración coas plataformas tecnolóxicas en áreas estratéxicas.

8.^a A promoción de ámbitos estratéxicos en materia de innovación.

b) A Subdirección Xeral de Fomento da Innovación, que exercerá as seguintes funcións:

1.^a A promoción e o impulso de actividades destinadas ao fomento da transferencia e á circulación de coñecementos entre os axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

2.^a O deseño e a coordinación das iniciativas en materia de creación de empresas de base tecnolóxica e fomento da innovación.

3.^a O impulso á compra pública innovadora.

4.^a O impulso de programas conxuntos con comunidades autónomas e corporacións locais en materia de innovación.

5.^a A xestión económica e orzamentaria e o control económico-financeiro das actuacións dos servizos orzamentarios correspondentes á Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, á Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación e á Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

c) A Subdirección Xeral de Grandes Instalacións Científico-Técnicas, que exercerá as seguintes funcións:

1.^a A planificación estratéxica, coordinación, seguimento e representación de grandes instalacións científico-técnicas nacionais con comunidades autónomas e a planificación estratéxica, coordinación, seguimento e representación das actuacións relativas ás grandes instalacións científicas de carácter estatal.

2.^a A planificación estratéxica, coordinación, desenvolvemento, seguimento e representación da participación española en grandes instalacións e organismos científico-tecnolóxicos de carácter internacional.

3. Depende da Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación un gabinete técnico, con nivel orgánico de subdirección xeral, como órgano de apoio e asistencia inmediata ao secretario xeral.

4. Adscríbese ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación, a entidade pública empresarial Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), cuxa presidencia desempeñará o titular da dita secretaría xeral.»

Tres. O artigo 12 queda suprimido.

Catro. O artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación exercer as seguintes funcións:

a) A elaboración, planificación, coordinación e seguimento das estratexias españolas de ciencia e tecnoloxía e de innovación e das actuacións da Administración xeral do Estado en materia de fomento e coordinación da I+D+i, incluídos os plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación e os seus correspondentes programas anuais de actuación.

b) A coordinación e a elaboración de informes, indicadores e estatísticas de I+D+i así como o fomento, análise e avaliación das políticas públicas de I+D+i e os seus principais instrumentos.

c) A coordinación e o desenvolvemento do Sistema de información sobre ciencia, tecnoloxía e innovación e o impulso das actividades neste ámbito.

d) O impulso e coordinación ás actividades de promoción da investigación e a innovación e da cultura científica, tecnolóxica e innovadora.

e) O fomento e promoción de novos modelos de difusión dos resultados da investigación en aberto.

f) As relacións e a coordinación coa Axencia Estatal de Investigación, o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía e o resto das unidades da Administración xeral do Estado responsables de políticas de I+D+i e políticas sectoriais estreitamente relacionadas as políticas de I+D+i.

g) A coordinación xeral, deseño e desenvolvemento da cooperación coas comunidades autónomas e corporacións locais en I+D+i.

h) O apoio administrativo ao Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, ao Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e ao Comité Español de Ética da Investigación.

i) A coordinación das políticas estatais e europeas en materia de I+D+i, así como a coordinación das estratexias e actividades ligadas á internacionalización e promoción internacional no ámbito da I+D+i.

j) A planificación, negociación e representación do Programa marco de investigación e innovación da Unión Europea e doutros programas de I+D+i de carácter europeo.

k) A coordinación das actividades de promoción da participación española nos programas de fomento da I+D+i promovidos pola Unión Europea e o seguimento da dita participación.

l) O impulso, coordinación e representación española en programas, foros e organizacións da Unión Europea en materia de I+D+i.

m) A planificación e coordinación de programas e acordos internacionais estratéxicos de investigación científica e técnica, de carácter bilateral e multilateral, orientados a fortalecer o liderado e a internacionalización da I+D+i.

n) A cooperación internacional en materia de I+D+i, a formulación e a coordinación da posición española en foros internacionais, e a proposta ou designación, se for o caso, de quen deba representar a España nos organismos internacionais responsables dos correspondentes programas, todo isto sen prexuízo das competencias doutros órganos.

2. Dependén da Dirección Xeral de Política de Investigación, Desenvolvemento e Innovación as seguintes subdireccións xerais:

a) A Subdirección Xeral de Coordinación, Planificación e Seguimento, que exercerá as funcións descritas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g) e h) do número 1.

b) A Subdirección Xeral de Relacións Internacionais, que exercerá as funcións descritas nas alíneas i), j), k), l), m) e n) do número 1.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do estatuto do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), aprobado polo Real decreto 1951/2000, do 1 de decembro.*

O estatuto do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), aprobado polo Real decreto 1951/2000, do 1 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a alínea d) do artigo 3.1 e a alínea c) do artigo 3.2, que quedan redactadas como segue:

«d) Promover, elaborar e coordinar accións estratéxicas de investigación científica e tecnolóxica en materia agraria e alimentaria, de acordo coas directrices dos plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación.»

«c) Promover e coordinar proxectos de investigación e desenvolvemento de carácter agrario e alimentario, e de actividades de conservación e utilización sustentable dos recursos xenéticos para a agricultura e alimentación.»

Dous. Modifícase a alínea b) do artigo 6, que queda redactada como segue:

«b) Emitir informe sobre as accións estratéxicas de investigación científica e tecnolóxica en materia agraria e alimentaria que se propoñan, elaboren e coordinen desde o organismo.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Competitividade para que dite cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza, réxime xurídico, adscrición e sede.*

1. A Axencia Estatal de Investigación, en diante, a Axencia, é unha entidade de dereito público das reguladas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, dotada de personalidade xurídica pública, patrimonio e tesouraría propios e con autonomía funcional e de xestión.

2. A Axencia axustará a súa actuación ao disposto na Lei 28/2006, do 18 de xullo; na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, neste estatuto e nas súas normas de desenvolvemento e, supletoriamente, na normativa aplicable ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado.

3. A Axencia terá o réxime fiscal dos organismos autónomos segundo o establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2011, do 1 de xuño, polo que estará exenta do imposto sobre sociedades, de acordo co artigo 9.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

4. A Axencia adscíbese ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

5. A Axencia ten a súa sede en Madrid.

Artigo 2. *Obxecto e fins.*

1. Constitúe o obxecto propio da Axencia o financiamento, avaliación, xestión e seguimento da actividade de investigación científica e técnica destinada á xeración, intercambio e explotación do coñecemento que fomente a Administración xeral do Estado pola súa soa iniciativa ou en concorrencia con outras administracións ou entidades españolas ou doutros países ou organismos internacionais.

2. Son fins da Axencia a promoción da investigación científica e técnica en todas as áreas do saber mediante a asignación eficiente dos recursos públicos, a promoción da excelencia, o fomento da colaboración entre os axentes do sistema e o apoio á xeración de coñecementos de alto impacto científico e técnico, económico e social, incluídos os orientados á resolución dos grandes retos da sociedade, e o seguimento das actividades financiadas, así como o asesoramento necesario para mellorar o deseño e a planificación das accións ou iniciativas a través das cales se instrumentan as políticas de I+D da Administración xeral do Estado.

Artigo 3. *Potestades administrativas.*

1. De acordo coa lexislación aplicable e este estatuto, corresponde á Axencia o exercicio das potestades administrativas necesarias para a realización do seu obxecto e fins, salvo a potestade expropiatoria e a regulamentaria.

2. No exercicio da súa potestade de autoorganización, a Axencia poderá ditar normas de funcionamento interno.

Artigo 4. *Colaboración administrativa.*

1. No exercicio das funcións que teña atribuídas para o cumprimento do seu obxecto e fins, a Axencia colaborará con outros órganos da Administración xeral do Estado e das demais administracións públicas, así como das entidades vinculadas ou dependentes delas, e establecerá con eles as relacións necesarias para o efecto de actuar coordinadamente e, especialmente, co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico

Industrial (CDTI) pois, de acordo co artigo 45 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, constitúe o axente responsable do fomento da innovación.

2. A Axencia pode subscribir convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, así como con organismos internacionais, no ámbito propio do seu obxecto e fins.

CAPÍTULO II

Funcións e actuación

Artigo 5. *Funcións.*

Para o cumprimento do seu obxecto e fins, a Axencia realizará as seguintes funcións:

a) A xestión dos programas, instrumentos e actuacións que se lle adxudique no marco dos plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación, calquera outra que lle sexa expresamente asignada pola Administración xeral do Estado ou a que derive dos convenios de colaboración subscritos con outras entidades ou doutras actuacións, mediante a asignación obxectiva e imparcial dos recursos dispoñibles.

b) A organización e xestión da avaliación científico-técnica *ex ante* e *ex post* das propostas, actuacións ou iniciativas cando proceda utilizar criterios de avaliación baseados en méritos científicos e técnicos internacionalmente recoñecidos, así como aqueles criterios que establezan as correspondentes convocatorias.

c) A verificación, seguimento e avaliación posterior das actividades financiadas pola Axencia e o seu impacto científico, técnico e socioeconómico, así como o control da xustificación do cumprimento das condicións e obxectivos das axudas recibidas.

d) A comunicación e difusión dos resultados das avaliacións realizadas.

e) O seguimento da xestión, financiamento, xustificación e resultados de cantas actuacións sexan directamente executadas pola Axencia, así como o asesoramento sobre elas.

f) A participación en reunións e foros nacionais e internacionais relacionados coas materias propias do seu obxecto e fins, e a representación en foros de políticas de I+D+i cando así o determine o Ministerio de Economía e Competitividade. A actuación da Axencia en foros internacionais terá lugar en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cando así se determine necesario.

g) A difusión e comunicación dos resultados das súas actividades e dos resultados da investigación financiada pola Axencia.

h) A xestión das actuacións destinadas a fomentar a colaboración, intercambio, circulación, difusión e explotación do coñecemento científico e técnico entre os axentes do sistema.

i) A realización das actividades ou a prestación dos servizos que lle sexan encomendados pola Administración xeral do Estado ou, en virtude de contratos, convenios e, en xeral, negocios xurídicos, por outras entidades.

j) A xestión das actuacións de I+D financiadas con fondos europeos e das resultantes da participación española en programas internacionais.

k) A xestión económica e orzamentaria e o control económico-financeiro dos instrumentos e actuacións que lle correspondan.

l) Calquera outra función que lle sexa encomendada.

CAPÍTULO III

Principios de actuación

Artigo 6. *Principios básicos de actuación.*

A Axencia observará os principios de interese xeral polos que se debe rexer a actuación das administracións públicas. No exercicio das súas funcións específicas rexeráse, ademais, polos seguintes principios básicos:

- a) Autonomía, entendida como a capacidade da Axencia de xestionar, nos termos previstos no presente estatuto, os medios postos á súa disposición para alcanzar os obxectivos comprometidos.
- b) Independencia técnica, baseada na capacitación, especialización, profesionalidade e responsabilidade individual do persoal ao servizo da Axencia, que deberá observar os valores de competencia, ética profesional e responsabilidade pública que son de aplicación.
- c) Obxectividade na avaliación do mérito científico, técnico e innovador en todas as súas actuacións, que se efectuará utilizando criterios previamente establecidos, coñecidos por todos e baseados en estándares, internacionais e comunmente aceptados, como a avaliación por pares nacionais e internacionais ou por paneis de científicos e tecnólogos de recoñecido prestixio.
- d) Transparencia en todas as actividades administrativas e cumprimento das obrigacións de bo goberno por parte dos responsables públicos da Axencia, así como a rendición de contas e compromisos para presentar a información precisa e completa sobre todos os resultados e procedementos utilizados na xestión.
- e) Eficacia na súa actuación, poñendo todos os medios para levar a cabo o obxecto e fin definidos neste estatuto.
- f) Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos e avaliación continuada da calidade dos procesos de xestión e dos procedementos de actuación, que se efectuará atendendo aos criterios de legalidade, celeridade, simplificación e accesibilidade electrónica, e sen prexuízo do rigor necesario.
- g) Cooperación interinstitucional, entendida como o principio que busque as sinerxías na colaboración con outras administracións, axentes e institucións, públicas ou privadas, nacionais e internacionais para o fomento do coñecemento en todos os seus ámbitos.
- h) Igualdade de xénero, promovendo a perspectiva de xénero e unha composición equilibrada de mulleres e homes nos seus órganos, consellos e comités e actividades, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e na disposición adicional décimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

CAPÍTULO IV

Estrutura orgánica

Sección 1.ª Órganos de goberno

Artigo 7. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno da Axencia son o presidente e o Consello Reitor.

Artigo 8. *O presidente.*

1. O presidente da Axencia é o titular da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
2. Corresponden ao presidente da Axencia as seguintes funcións:
 - a) Exercer a máxima representación institucional e legal da Axencia, presidir o seu Consello Reitor e velar polo cumprimento do seu obxecto, fins e funcións.

- b) Convocar as sesións do Consello Reitor.
- c) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos, no seo do Consello Reitor.
- d) Presentar ao Consello Reitor a memoria anual de actividades da Axencia.
- e) Informar os departamentos ministeriais competentes e outras institucións do Estado sobre a execución e o cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión da Axencia.
- f) Subscribir convenios de colaboración, memorandos de entendemento, acordos de execución ou instrumentos xurídicos de calquera outra natureza que poidan xerar compromisos e obrigacións para a Axencia, sen prexuízo das delegacións que, se for o caso, se establezan.
- g) Instar ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a autorización das variacións orzamentarias que se precisen.
- h) Propor ao Consello Reitor o nomeamento e cesamento do director da Axencia.
- i) Propor ao Consello Reitor a designación dos membros da Comisión de Control.
- j) Exercer as demais facultades e funcións que lle atribúan este estatuto, o Consello Reitor e as disposicións vixentes.

3. O presidente poderá delegar no director o exercicio das facultades de representación da Axencia ante os órganos da Administración xeral do Estado e das demais administracións e institucións ou entidades coas que se relacione e que, pola súa natureza, poidan ser delegadas, así como a sinatura dos convenios, contratos ou negocios xurídicos que lle corresponda, coas condicións e límites que, se é o caso, se poidan establecer.

4. De acordo co artigo 39.3 e coa disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, as resolucións do presidente esgotan a vía administrativa.

Artigo 9. O Consello Reitor.

- 1. O Consello Reitor é o órgano de goberno colexiado da Axencia.
- 2. Son membros do Consello Reitor:

O presidente da Axencia, que será o presidente do Consello Reitor e os seguintes vogais:

- a) O director da Axencia.
- b) O titular da Secretaría Xeral de Ciencia e Innovación.
- c) Un representante do Ministerio de Economía e Competitividade, ao menos con rango de director xeral, designado polo seu titular.
- d) O director xeral do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.
- e) O director do Instituto de Saúde Carlos III.
- f) Un representante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ao menos con rango de director xeral, designado polo seu titular.
- g) Un representante do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao menos con rango de director xeral, designado polo seu titular.
- h) Un representante do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ao menos con rango de director xeral, designado polo seu titular.
- j) Un representante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao menos con rango de director xeral, designado polo seu titular.
- j) Dous científicos ou tecnólogos de recoñecido prestixio designados por proposta do presidente da Axencia. A duración dos seus mandatos será de tres anos, renovables por unha vez.
- k) Dous expertos en I+D+i designados por proposta do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación. A duración dos seus mandatos será de tres anos, renovables por unha vez.

l) Un representante dos traballadores designado polas organizacións sindicais máis representativas na Administración xeral do Estado. A duración do seu mandato será de tres anos, renovable por unha vez.

3. Os membros do Consello Reitor serán nomeados polo ministro de Economía e Competitividade.

4. O secretario asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

5. O Consello Reitor celebrará sesións ao menos cada tres meses. Tamén poderá celebrar sesións extraordinarias por decisión do seu presidente ou cando así o solicite ao menos a metade dos seus membros.

6. De acordo co artigo 39.3 e co artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as resolucións do Consello Reitor esgotan a vía administrativa.

7. No non disposto na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e no presente estatuto, o Consello Reitor axustará a súa actuación, no que lle sexa de aplicación, ás disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Funcións do Consello Reitor.*

Corresponden ao Consello Reitor as seguintes funcións:

a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da Axencia Estatal.

b) Aprobar a proposta do contrato de xestión.

c) Aprobar os plans de acción anuais e plurianuais formulados polo director, os obxectivos estratéxicos e operativos da Axencia, e os procedementos, criterios e indicadores para a medición do seu cumprimento e do grao de eficiencia na xestión.

d) Nomear e separar o director da Axencia por proposta do presidente.

e) O control da xestión do director e a exigencia a este das responsabilidades que procedan, incluída a separación do cargo no suposto de incumprimento grave das súas funcións.

f) Aprobar o anteproxecto de orzamentos anuais, a contracción de calquera obrigación de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión, así como as contas anuais auditadas e, se for o caso, a distribución do resultado do exercicio de acordo coa lexislación orzamentaria.

g) Aprobar os informes anuais e plurianuais de actividade, así como aqueles extraordinarios que se consideren necesarios valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas.

h) Designar os membros da Comisión de Control.

i) Nomear e separar os membros do Comité Científico e Técnico e impulsar a renovación nos termos previstos no artigo 14.2.

j) Aprobar a previsión de necesidades de persoal, os seus criterios e os procedementos de selección, tendo en conta o establecido no contrato de xestión.

k) Aprobar a relación de postos de traballo da Axencia, dentro do marco de actuación que en materia de recursos humanos se estableza no contrato de xestión, así como elevar a proposta de oferta anual de emprego da Axencia para a súa integración na oferta de emprego público.

l) Aprobar o nomeamento e o cesamento, por proposta do director, do persoal directivo da Axencia, así como os criterios para a determinación dos incentivos retributivos por rendemento que lle correspondan, tendo en conta o establecido no contrato de xestión.

m) Elevar a proposta de modificación da estrutura organizativa da Axencia.

n) Aprobar o marco xeral de delegación de competencias da Axencia para a subscrición de convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, así como con organismos internacionais.

o) Calquera outra que lle corresponda en función da lexislación vixente.

Artigo 11. *O secretario.*

O secretario será designado polo Consello Reitor entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos ou escalas incluídos no subgrupo A1 e asistirá ás sesións con voz pero sen voto. Ao secretario corresponderanlle as funcións a que fai referencia o artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sección 2.^a Órgano executivo

Artigo 12. *O director.*

1. O máximo órgano executivo da Axencia é o seu director. O director da Axencia será nomeado e separado polo Consello Reitor por proposta do seu presidente, oído o Comité Científico e Técnico. Para a súa selección teranse en conta especialmente os seguintes criterios: recoñecido prestixio e experiencia en materia de investigación científica e técnica tanto a nivel nacional como internacional, experiencia en postos directivos e coñecementos e experiencia na xestión de políticas de I+D. O director da Axencia terá a consideración de alto cargo para efectos do disposto na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como para efectos retributivos, de acordo co disposto na materia nas leis de orzamentos xerais do Estado. A duración do mandato do director será de tres anos, renovable por unha vez, e sen prexuízo do previsto na alínea d) do artigo 10.

2. Corresonden ao director as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo a dirección e xestión ordinaria da Axencia, no marco das funcións atribuídas neste número ou das que lle sexan expresamente delegadas.
- b) Elaborar e elevar ao Consello Reitor a proposta do contrato de xestión da Axencia.
- c) Elaborar e elevar ao Consello Reitor os obxectivos estratéxicos e operativos da Axencia, e os procedementos, criterios e indicadores para a medición do seu cumprimento e do grao de eficiencia na xestión.
- d) Elaborar e elevar ao Consello Reitor o plan de acción anual e dirixir e coordinar as actividades que sexan necesarias para o desenvolvemento das funcións da Axencia.
- e) Elaborar e elevar ao Consello Reitor o anteproxecto de orzamento da Axencia.
- f) Formular as contas anuais e elevalas ao Consello Reitor xunto co informe de auditoría de contas.
- g) Acordar as variacións orzamentarias que se consideren necesarias e que non deban ser autorizadas polo ministro de Facenda e Administracións Públicas, e propor ao presidente aquelas que precisan a dita autorización.
- h) Autorizar, por causa xustificada, a disposición de gastos, o recoñecemento de obrigacións e a ordenación dos pagamentos correspondentes dos cales dará conta ao Consello Reitor.
- i) Propor a modificación dos límites xerais de compromiso de gasto con cargo a exercicios futuros por causa xustificada, dos cales dará conta ao Consello Reitor.
- j) Elevar ao Consello Reitor o informe anual de actividades, ordinarias e extraordinarias, da Axencia.
- k) Elaborar e elevar á Comisión de Control un informe mensual sobre o estado de execución orzamentaria.
- l) Subscribir contratos coas condicións e límites que, se é o caso, poidan establecerse e dar conta disto ao Consello Reitor.
- m) Propor ao Consello Reitor o nomeamento e o cesamento do persoal directivo da Axencia.
- n) Prever as necesidades de persoal da Axencia, propor ao Consello Reitor a relación de postos de traballo e os criterios para a selección de persoal laboral, resolver as convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario e contratar o persoal laboral.

ñ) Propor ao Consello Reitor os criterios para a determinación dos incentivos ao rendemento do persoal da Axencia.

o) Nomear ou separar os colaboradores e expertos a que se refire o artigo 28.6 deste estatuto.

p) Exercer a representación institucional e legal da Axencia cando non corresponda ao seu presidente ou as ditas funcións fosen delegadas de forma expresa.

q) Solicitar do Comité Científico e Técnico os informes e o asesoramento que considere necesarios para o adecuado funcionamento da Axencia.

r) Calquera outra que lle sexa atribuída polo Consello Reitor.

3. Poderán ser obxecto de delegación no persoal directivo ou nos restantes órganos internos da Axencia as competencias que correspondan ao director, salvo as previstas nas letras a), b), c), e), f), g), h), l), m) e p) e aquelas que por disposición legal ou pola súa propia natureza non sexan susceptibles de delegación.

4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o director da Axencia será substituído polo director de División de Programación e Xestión Económica e Administrativa; e, na súa falta e por esta orde, polo director da División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico ou polo secretario xeral.

5. De acordo co artigo 39.3 deste estatuto e co artigo 2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as resolucións do director esgotan a vía administrativa.

Sección 3.^a Comisión de Control

Artigo 13. A Comisión de Control.

1. A Comisión de Control da Axencia estará constituída por catro membros do Consello Reitor designados por este entre os que non teñan responsabilidades directas na xestión da Axencia e posúan coñecementos ou experiencia en xestión orzamentaria e control da actividade económico-financeira do sector público estatal.

2. O presidente da Comisión de Control será designado polo Consello Reitor e actuará como secretario da Comisión de Control o secretario do Consello Reitor, quen asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

3. Asistirán ás reunións da Comisión de Control, con voz pero sen voto, o interventor delegado na Axencia, un representante da correspondente inspección dos servizos e o titular da Secretaría Xeral da Axencia.

4. A Comisión de Control reunirse ao menos unha vez cada dous meses e, con carácter extraordinario, sempre que o considere oportuno o seu presidente ou por solicitude do Consello Reitor.

5. Corresponden á Comisión de Control as seguintes funcións:

a) Informar o Consello Reitor sobre a execución do contrato de xestión e a execución orzamentaria.

b) Elevar ao Consello Reitor os informes de índole económico-financeira, orzamentaria ou contable que deban ser sometidos á súa consideración ou aprobación.

c) Ter coñecemento da información que a Axencia deba elaborar e remitir aos órganos competentes en cumprimento da lexislación económico-financeira, orzamentaria e contable e controlar a súa observancia.

d) Analizar o resultado das actuacións de avaliación e control realizadas por calquera dos órganos de control da Axencia a que se refire o artigo 37 e analizar e propor as correccións que considere necesarias.

*Sección 4.^a Órgano consultivo**Artigo 14. O Comité Científico e Técnico.*

1. O Comité Científico e Técnico é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento con carácter permanente da Axencia.

Estará composto por doce membros, nomeados e separados polo Consello Reitor, por proposta do presidente da Axencia, entre persoas expertas de recoñecido prestixio internacional, en cuxa selección deberá terse en conta a distribución equilibrada de todas as grandes áreas de coñecemento. A designación realizarase de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas. O Comité Científico e Técnico elixirá o seu presidente mediante o procedemento que estableza o seu propio regulamento interno.

2. O mandato dos membros do Comité Científico e Técnico terá unha duración de seis anos, renovarase por terzos cada dous anos e determinarase por sorteo o terzo que deba ser renovado por primeira vez.

3. O Comité Científico e Técnico reunirse ordinariamente cada catro meses e, con carácter extraordinario, cando o seu presidente o considere necesario ou por petición do presidente do Consello Reitor. Actuará como secretario do Comité Científico e Técnico un funcionario da Axencia nomeado polo director desta, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

4. O Comité Científico e Técnico non comporta incremento no gasto público. O seu funcionamento será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios ordinarios asignados á Axencia.

Especificamente, non suporá incremento de dotacións, retribucións nin doutros gastos de persoal.

Artigo 15. Funcións do Comité Científico e Técnico.

O Comité Científico e Técnico terá encomendadas, ademais da establecida no artigo 12.1, as seguintes funcións:

a) Asesorar sobre o contrato de xestión e o plan de acción anual de actividades, así como sobre as actividades de fomento e promoción da Axencia.

b) Realizar recomendacións sobre os principios, metodoloxías e prácticas de avaliación científica e técnica polos que se rexerá a Axencia e incorporar estándares internacionais.

c) Asesorar o presidente da Axencia, o Consello Reitor e o seu director sobre o seguimento, resultados e impacto das actuacións da Axencia.

d) Asesorar o director da Axencia na definición dos criterios de selección dos colaboradores e expertos a que se refire o artigo 28.6 deste estatuto.

e) Asesorar e prestar apoio sobre os asuntos que o presidente, o director ou o Consello Reitor sometan á súa consideración ou realizar informes por instancia dos ditos órganos.

f) Coñecer e valorar o informe anual de actividades, ordinarias e extraordinarias, da Axencia.

g) Calquera outra que lle sexa atribuída polo Consello Reitor.

*Sección 5.^a Estrutura organizativa**Artigo 16. Estrutura básica.*

1. A Axencia contará, baixo a dependencia xerárquica do director, cunha División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico, unha División de Programación e Xestión Económica e Administrativa e unha Secretaría Xeral.

2. A División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico contará coas seguintes subdivisións científico-técnicas: a Subdivisión de Coordinación e Avaliación, a Subdivisión de Programas Temáticos Científico-Técnicos e a Subdivisión de Programas Científico-Técnicos Transversais, Fortalecemento e Excelencia.

3. A División de Programación e Xestión Económica e Administrativa contará coas seguintes subdivisións: a Subdivisión de Planificación e Xestión Administrativa, a Subdivisión de Xestión Económica e Orzamentaria, a Subdivisión de Seguimento e Xustificación Económica das Axudas e a Subdivisión de Xestión de Axudas de Fondos Europeos.

4. Os titulares da Secretaría Xeral, das divisións e das subdivisións da Axencia terán a consideración de persoal directivo para os efectos do artigo 30.

Artigo 17. *División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico.*

1. As funcións da División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico son:

- a) A planificación das actividades da Axencia a través da elaboración do plan de acción anual e do seu seguimento.
- b) A coordinación e elaboración do informe anual de actividade da Axencia.
- c) A coordinación das actuacións da Axencia Estatal de Investigación co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial e co resto dos axentes de financiamento existentes en España e a nivel internacional, no ámbito das funcións atribuídas neste artigo.
- d) A difusión dos resultados e actividades da Axencia á sociedade.
- e) Mantemento de bases de datos estatísticos e apoio na contestación de consultas externas sobre axudas concedidas.
- f) O establecemento dos criterios, principios, metodoloxías e procedementos de avaliación científico-técnica que son de aplicación nos distintos ámbitos de actuación da Axencia, contando, se for o caso, co asesoramento do Comité Científico e Técnico da Axencia.
- g) A organización, coordinación e xestión da avaliación científico-técnica, *ex ante*, das propostas utilizando procedementos internacionalmente recoñecidos, así como aqueles criterios que establezan as correspondentes convocatorias.
- h) Definición do contido, modalidades e requisitos das convocatorias de axudas correspondentes aos programas dos plans estatais que se atribúan á Axencia mediante os instrumentos xurídicos establecidos como sistema para a asignación dos recursos.
- i) A organización, coordinación, xestión e execución do seguimento científico-técnico e avaliación *ex post* das actuacións financiadas pola Axencia, así como da avaliación *ex ante* daquelas convocatorias que requiran unha avaliación científico-técnica por grupo.
- j) A coordinación e elaboración de informes e estudos sobre o impacto científico-técnico, social e económico das actuacións da Axencia.
- k) A información aos cidadáns e relacións cos usuarios das propostas xestionadas conforme os procedementos xerais establecidos pola Axencia.
- l) A xestión das actuacións destinadas a fomentar a colaboración entre o sector público e o sector privado e de todas as destinadas a fomentar o intercambio de coñecementos entre os axentes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.
- m) A planificación, coordinación e seguimento científico e técnico das actuacións derivadas de convenios de colaboración, actividades de programación conxunta e outros acordos da Axencia tanto nacionais como internacionais.

2. A División de Coordinación, Avaliación e Seguimento Científico e Técnico contará coas seguintes subdivisións científico-técnicas:

- a) A Subdivisión de Coordinación e Avaliación será a responsable de organizar os procedementos de avaliación *ex ante* e da aplicación das normas, principios e criterios contidos nas convocatorias e actuacións xestionadas pola Axencia, garantindo a transparencia, obxectividade e imparcialidade do proceso de selección das solicitudes, mediante procesos de revisión por pares e/ou de grupo. En concreto, realizará as funcións relativas ás alíneas f) e g) do número anterior.
- b) A Subdivisión de Programas Temáticos Científico-Técnicos será a responsable de xestionar as axudas concedidas pola Axencia e executar o seu seguimento científico-técnico e cantas actuacións encomendadas o requiran nos ámbitos científico-técnicos

definidos nos correspondentes plans estatais, respondendo ás necesidades da comunidade científica e aos principais retos sociais e económicos do país. En concreto, realizará as funcións relativas ás alíneas h), i), j), k), l) e m) do número anterior, nos seus correspondentes ámbitos científico-técnicos.

c) A Subdivisión de Programas Científico-Técnicos Transversais, Fortalecemento e Excelencia será a responsable de xestionar e executar o seguimento científico-técnico das axudas concedidas e cantas actuacións encomendadas á Axencia nos ámbitos científico-técnicos que, polas súas características, non teñen unha orientación temática definida e están orientados a fortalecer e transformar o Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, promovendo a excelencia e a xeración de capacidades científico-técnicas. En concreto, realizará as funcións relativas ás alíneas h), i), j), k), l) e m) do número anterior, nos seus correspondentes ámbitos de actuación.

d) O titular da división asumirá a coordinación das súas subdivisións, así como as funcións do número anterior non expresamente atribuídas a elas.

Artigo 18. *División de Programación e Xestión Económica e Administrativa.*

1. As funcións da División de Programación e Xestión Económica son:

a) A planificación e xestión económica e a xestión e realización dos pagamentos derivados das actuacións propias da Axencia.

b) A xestión das actuacións da Axencia derivadas de convenios de colaboración e acordos subscritos con outras entidades nacionais e internacionais.

c) O control da aplicación do réxime de axudas do Estado.

d) O control e o seguimento económico-financeiro das actuacións financiadas e das axudas outorgadas pola Axencia e das que lle sexan encomendadas, incluíndo o seguimento e o control de préstamos e avais.

e) A planificación, coordinación, xestión e seguimento das actuacións da Axencia cofinanciadas con fondos europeos.

f) As certificacións ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e ao Fondo Social Europeo (FSE).

g) A xestión operativa dos procedementos administrativos de concesión de axudas e a preparación e petición de cantos informes considere necesarios para a súa resolución, así como calquera actuación que considere necesaria.

2. A División de Programación e Xestión Económica e Administrativa contará coas seguintes subdivisións:

a) A Subdivisión de Xestión Económica, que realizará as funcións relativas ás alíneas a) e b) do número anterior, en coordinación coa Secretaría Xeral.

b) A Subdivisión de Seguimento e Xustificación de Axudas, que realizará as funcións relativas á alínea d) do número anterior.

c) A Subdivisión de Xestión de Axudas de Fondos Europeos, que realizará as funcións relativas ás alíneas e) e f) do número anterior.

d) A Subdivisión de Planificación e Xestión Administrativa, que realizará as funcións relativas á alínea g) do número anterior.

e) O titular da división asumirá a coordinación das súas subdivisións e as funcións relativas á alínea c) do número anterior.

Artigo 19. *Secretaría Xeral.*

1. Do director da Axencia dependerá directamente a Secretaría Xeral.

2. As funcións da Secretaría Xeral son:

a) A xestión e administración de recursos humanos, incluída a selección do persoal laboral, a xestión da acción social e a formación dos recursos humanos, baixo a supervisión do director e seguindo os criterios e directrices do Consello Reitor.

b) A tramitación dos expedientes de contratación para adquisición de bens e servizos, así como a habilitación do material e, de maneira especial, a xestión e dotación de medios informáticos, ademais da análise, deseño, impulso, mantemento e xestión das ferramentas informáticas necesarias para o desenvolvemento dos procesos necesarios propios das funcións da Axencia.

c) A xestión orzamentaria, dos ingresos e gastos, a realización dos cobramentos e pagamentos e a xestión da tesouraría da Axencia.

d) A formación e o mantemento actualizado dos inventarios dos bens mobles e inmoebles, tanto propios como adscritos, así como a custodia destes últimos e a tramitación dos expedientes de adquisición, arrendamento, adscrición e/ou descrición.

e) A seguridade, réxime interior, asuntos xerais e a coordinación e inspección das unidades, instalacións e servizos da Axencia.

f) A instrución dos procedementos sancionadores no ámbito das competencias da Axencia e as relacións cos tribunais de xustiza.

g) A planificación e execución da política de prevención de riscos laborais, incluída a organización e a supervisión do servizo de prevención.

h) Exercer as potestades administrativas derivadas das funcións da Axencia, da xestión dos recursos e do persoal da Axencia, así como a xestión dos asuntos horizontais que non se correspondan con competencias especificamente atribuídas a outras unidades da Axencia e as que lle sexan atribuídas por normas legais ou regulamentarias.

i) Exercer cantas funcións lle sexan delegadas polo director, co límite establecido no artigo 12.4.

3. Sen prexuízo das atribucións asignadas neste estatuto a outros órganos da Axencia, é responsable de coordinar as actividades para a elaboración do contrato de xestión.

CAPÍTULO V

Contrato de xestión e o plan de acción anual

Sección 1.^a O contrato de xestión

Artigo 20. *Natureza e finalidade.*

1. O contrato de xestión terá por obxecto regular a actividade da Axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración xeral do Estado para o financiamento da dita actividade, todo isto no marco da lexislación xeral e específica vixente durante o seu período de aplicación.

2. O contrato de xestión terá unha vixencia de catro anos.

3. O director da Axencia elaborará o borrador do contrato de xestión e someterao ao Consello Reitor ao cal, tras o seu debate e posible modificación, lle corresponde a súa proposta definitiva. Esta proposta será presentada ao titular do Ministerio de Economía e Competitividade e ao do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. A aprobación do contrato de xestión ten lugar por orde conxunta dos titulares do ministerio a que se adscribe a Axencia e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ditada nun prazo máximo de tres meses contados desde a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

Artigo 21. *Contido do contrato de xestión.*

O contrato de xestión conterà, ao menos, os seguintes aspectos:

a) Os obxectivos que se van perseguir e os plans necesarios para alcanzalos con especificación dos marcos temporais correspondentes.

b) Os resultados que se pretenden obter e os procedementos, criterios e indicadores para a medición do seu cumprimento.

c) O marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos, que comprenderá a determinación das necesidades de persoal ao longo da vixencia do contrato, incluíndo a previsión máxima do cadro de persoal, a natureza e as características dos postos de traballo da Axencia e o réxime retributivo do persoal.

d) A determinación dos recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración xeral do Estado debe achegar para a consecución dos obxectivos, establecendo o seu escenario plurianual.

e) A definición dos criterios para a exigencia de responsabilidade pola xestión ao director e ao persoal directivo e os mecanismos a través dos cales se exixirá.

f) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos en canto aos seguintes aspectos: montante de masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral e responsabilidade pola xestión do director e do persoal directivo.

Corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non obstante o anterior, a autorización anual dos importes de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral, calculados sobre a base do procedemento que se determine e aprobe no contrato de xestión.

g) O procedemento que se vai seguir para a cobertura dos déficits anuais que, se for o caso, se puidesen producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, se for o caso, deban seguirse de tales déficits.

h) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, se for o caso, procedan.

Artigo 22. *Modificacións e adaptacións anuais.*

Se as modificacións ou adaptacións anuais afectan os resultados que se van obter ou son consecuencia de plans xerais de acción adicionais ao contrato de xestión vixente, acordarase a súa modificación, de acordo co previsto no artigo 20.4.

Sección 2.ª O plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais

Artigo 23. *O plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.*

1. O director da Axencia elaborará e elevará para a súa aprobación ao Consello Reitor o plan anual de acción, o informe xeral de actividade e as contas anuais, dentro dos prazos establecidos no artigo 15 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

2. No plan de acción anual recolleranse, entre outras, as seguintes actividades:

a) As de carácter formativo, metodolóxico e de determinación de indicadores de xestión das actividades que corresponden á Axencia.

b) As de xestión, seguimento e control das actuacións que en materia de investigación científica, técnica e de innovación corresponden á Axencia, conforme o seu obxecto e funcións.

c) As de organización e xestión da avaliación científico-técnica das propostas que requiran financiamento con cargo aos programas e instrumentos asignados á Axencia ou resultantes de convenios e acordos de colaboración.

3. A información referida ao plan anual de acción, ao informe xeral de actividade e ás contas anuais estará dispoñible na páxina web da Axencia.

CAPÍTULO VI

Contratación e réxime patrimonialArtigo 24. *Contratación.*

1. O réxime de contratación da Axencia será o establecido na lexislación aplicable aos contratos subscritos polo sector público.

2. A Axencia ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, poderá encomendarlle a realización de traballos e tarefas incardinadas no ámbito das súas competencias.

3. As encomendas de xestión, que serán de execución obrigatoria para a Axencia, estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e serán valoradas conforme as tarifas ou retribucións definidas polo Ministerio de Economía e Competitividade. As ditas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos de realización.

Antes de formular a encarga, os órganos competentes aprobarán os ditos documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. A encarga de cada actuación obrigatoria comunicaraa formalmente o órgano encomendante, que fará constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, se for o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento en que se defina esta actuación, co seu orzamento detallado.

A comunicación en que se encargue unha actuación á Axencia suporá a orde para iniciala. A Axencia realizará as súas actuacións conforme o documento de definición que o órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do director designado para cada actuación.

Finalizada a actuación, realizarase o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, estenderase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos seis meses seguintes.

4. A Axencia, dada a súa condición de medio propio da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, non poderá participar en licitacións públicas convocadas por estes, sen prexuízo de que cando non concorra ningún licitador poida encargárselle a prestación obxecto delas.

5. A Axencia poderá requirir nas súas actuacións obrigatorias a colaboración de empresarios particulares nos termos previstos na normativa aplicable á contratación do sector público, sen que o importe da dita colaboración poida ser igual ou superior ao 50 por cento do importe total do proxecto, subministración ou servizo encomendado.

6. En todo o non previsto neste artigo e o non regulado expresamente nas encomendas de xestión aplicarase, analoxicamente, o disposto na normativa de contratación do sector público para resolver as dúbidas e as lagoas que xurdan en relación coas incidencias de carácter técnico que se formulen na execución das encomendas realizadas á Axencia. En ningún caso serán de aplicación aqueles aspectos que, pola súa natureza, sexan incompatibles co carácter instrumental da relación.

Artigo 25. *Réxime patrimonial.*

1. A Axencia contará, para o cumprimento dos seus fins, cun patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos cales sexa titular.

2. A xestión e a administración dos seus bens e dereitos propios, así como os daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins axustaranse ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26. *Bens propios e adscritos.*

1. A Axencia poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.
2. A adquisición de bens inmoables ou de dereitos sobre estes requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
3. A xestión e a administración dos seus bens e dereitos propios, así como os daqueles do Patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins axustaranse ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

Artigo 27. *Inventario.*

A Axencia formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible, na forma establecida na Lei 33/2003, do 3 de novembro. O inventario revisarase anualmente con referencia en 31 de decembro e someterase á aprobación do Consello Reitor.

CAPÍTULO VII

Réxime de persoal

Artigo 28. *Réxime de persoal.*

1. O persoal da Axencia quedará vinculado a esta por unha relación suxeita ás normas de dereito administrativo ou laboral que lle sexan de aplicación e, en todo caso, ás previsións do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
2. O persoal funcionario rexerese polas normas reguladoras do réxime xurídico dos funcionarios públicos da Administración xeral do Estado, coas especialidades previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e neste estatuto.
3. O persoal laboral rexerese polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e demais lexislación laboral, pola norma convencional que lle sexa de aplicación, e tamén polos preceptos que así o dispoñan tanto da Lei 28/2006, do 18 de xullo, como do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
4. O persoal estatutario rexerese polas normas reguladoras do réxime xurídico dos empregados públicos da Administración xeral do Estado, coas especialidades previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e neste estatuto.
5. Os postos de traballo da Axencia serán provistos, con carácter xeral, por persoal funcionario da Administración xeral do Estado e só poderán ser desempeñados por persoal laboral aqueles postos que expresamente así se establezan na relación de postos de traballo, sen prexuízo do establecido neste estatuto para o persoal directivo. En todo caso, a relación de postos de traballo terá en conta o establecido no artigo 9.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
6. A Axencia poderá tamén adscribir temporalmente, a tempo completo ou parcial, persoal colaborador científico técnico segundo o previsto no artigo 19 da Lei 14/2011, do 1 de xuño.
7. A mobilidade dos funcionarios que desempeñen postos de traballo da Axencia para a cobertura de postos de traballo na Administración xeral do Estado ou noutras administracións e organismos públicos estará sometida unicamente ás restricións e condicións que se establecen con carácter xeral na normativa reguladora dos procedementos de provisión de postos de traballo na Administración xeral do Estado, así como aos requisitos exixidos para o desempeño de cada posto.
8. O persoal da Axencia desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, e someterase, no desenvolvemento das súas funcións, a avaliación conforme os criterios de eficacia, eficiencia, cumprimento da

legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se fixen no contrato de xestión.

Artigo 29. *Ordenación dos postos de traballo.*

1. A relación de postos de traballo da Axencia determinará os seus elementos básicos no ámbito do disposto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

2. Esta relación de postos de traballo será elaborada polo director da Axencia e aprobada polo Consello Reitor, dentro do marco de actuación que, en materia de recursos humanos, se estableza no contrato de xestión, e o seu contido axustarase aos principios establecidos polo texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, con determinación da forma de provisión dos postos de traballo.

Artigo 30. *Persoal directivo profesional.*

1. En atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas, os postos directivos da Axencia son os responsables das divisións, as subdivisións e a Secretaría Xeral.

2. O persoal directivo é nomeado e cesado polo Consello Reitor, por proposta do director da Axencia. O persoal directivo nomearase, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos ou escalas incluídos no subgrupo A1 e mediante procedemento que garanta os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e igualdade entre mulleres e homes. Cando así o establezan as normas internas de funcionamento da Axencia, o proceso de provisión será realizado polos órganos de selección especializados que, para este efecto, se constitúan, que formularán proposta motivada incluíndo tres candidatos.

3. A avaliación do persoal directivo realizarase conforme criterios de eficacia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se fixen no contrato de xestión, e quedarán vinculadas á dita avaliación as retribucións por produtividade do dito persoal. Corresponde ao Consello Reitor fixar os criterios de repartición destas retribucións.

4. De acordo co artigo 13.4 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, a determinación das condicións de emprego do persoal directivo non terá a consideración de materia obxecto de negociación colectiva.

Artigo 31. *Réxime retributivo.*

1. Os conceptos retributivos do persoal funcionario son os establecidos na normativa da función pública da Administración xeral do Estado e as súas contías determinaranse no marco do correspondente contrato de xestión, de conformidade co establecido na dita normativa e nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

2. As condicións retributivas do persoal laboral serán as determinadas no convenio colectivo de aplicación e no respectivo contrato de traballo e as súas contías determinaranse no marco do contrato de xestión, de conformidade co establecido na normativa aplicable ao persoal laboral da Administración xeral do Estado e nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente de persoal laboral estará en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión. En todo caso, a percepción dos importes correspondentes deberá ser previamente autorizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. No marco da xestión de recursos humanos, establecerase un sistema de avaliación do desempeño que sirva de instrumento obxectivo para a asignación do complemento de produtividade a que se refire o punto anterior.

O sistema de avaliación deberá permitir valorar os rendementos colectivos das unidades, así como unha valoración individual de cada traballador.

CAPÍTULO VIII

Réxime orzamentario, económico-financieiro, contable e de controlArtigo 32. *Financiamento.*

1. A Axencia financiarase cos seguintes recursos:
 - a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado;
 - b) Os ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que poida realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais, para outras entidades, públicas ou privadas ou persoas físicas;
 - c) O alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
 - d) O rendemento procedente dos seus bens e valores;
 - e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares;
 - f) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades e instalacións;
 - g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir;
 - h) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.
2. Os recursos que deriven das alíneas b), e), f) e g) do número anterior e que non se consideren inicialmente no orzamento da Axencia poderanse destinar a financiar incrementos de gasto por acordo do director.
3. Son ingresos de dereito privado os demais que perciba a Axencia pola prestación de servizos ou a realización de actividades que lle son propias sempre que non teñan a natureza de taxas ou prezos públicos consonte a lexislación xeral.

Artigo 33. *Endebemento.*

A Axencia poderá contratar pólizas de crédito ou préstamo, sempre que o saldo vivo non supere o cinco por cento do seu orzamento, cando sexa necesario para atender desfases temporais de tesouraría, entendendo como tales as situacións de falta de liquidez que se poidan producir ocasionalmente e de forma excepcional.

Artigo 34. *Réxime orzamentario.*

1. Por proposta do director da Axencia, o Consello Reitor aprobará o anteproxecto de orzamento, conforme o disposto no contrato de xestión ou conforme a súa proposta inicial e coa estrutura que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A proposta será remitida ao Ministerio de Economía e Competitividade para o seu exame, este daralle posterior traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Unha vez analizado por este último departamento ministerial, o anteproxecto incorpórase ao de orzamentos xerais do Estado para a súa aprobación polo Consello de Ministros e remisión ás Cortes Xerais, consolidándose co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

O orzamento de gastos da Axencia ten carácter limitativo polo seu importe global, carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e das subvencións nominativas e as atencións protocolarias e representativas que terán carácter limitativo e vinculante calquera que sexa o nivel de clasificación económica a que se establezan. O orzamento da Axencia deberá ser equilibrado

2. A autorización das variacións orzamentarias correspóndelle:
 - a) Ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, por iniciativa do director e por proposta do Consello Reitor, salvo as previstas na alínea seguinte.

Así mesmo, correspóndelle ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas acordar ou denegar as modificacións orzamentarias, nos supostos de competencia do director da Axencia, cando exista informe negativo da Intervención Delegada e se remita en discrepancia ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

b) Ao director da Axencia, todas as restantes variacións, mesmo na contía global cando sexan financiadas con recursos derivados das letras b), e), f), e g) do artigo 32.1, por encima dos inicialmente orzados, non afecten gastos de persoal e existan garantías suficientes da súa efectividade, dando conta inmediata á Comisión de Control.

3. Os remanentes de tesouraría que resulten da liquidación do exercicio orzamentario non afectados ao financiamento do orzamento do exercicio seguinte poderán aplicarse ao orzamento de ingresos e destinarse a financiar incremento de gastos por acordo do director, dando conta á Comisión de Control. Os déficits derivados do incumprimento da estimación de ingresos anuais compensaranse na forma que se prevexa no contrato de xestión

4. A execución do orzamento da Axencia corresponde ao seu director, o cal remitirá á Comisión de Control, mensualmente, un estado de execución orzamentaria.

5. A Axencia poderá adquirir compromisos de gasto que se vaian estender a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, cos límites e previsións establecidos no artigo 27.5 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

6. Darase conta das modificacións adoptadas polo director, en función das competencias atribuídas no número 2, á Dirección Xeral de Orzamentos, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para a súa toma de razón.

Artigo 35. *Contabilidade.*

1. A Axencia deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o desenvolvemento dos principios e as normas establecidos no Plan xeral de contabilidade pública, para o cal contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento, que proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

2. A Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá os requirimentos funcionais e, se for o caso, os procedementos informáticos que deberán observarse para cumprir o disposto nos dous números anteriores. En concreto, a Axencia aplicará, para a xestión contable, o sistema de información contable (SIC'3) da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, e subscribirá o correspondente convenio coa Intervención Xeral da Administración do Estado para a utilización do sistema de apoio á xestión das entidades públicas administrativas (Sorolla2) e do sistema de contabilidade analítica normalizada para organizacións administrativas (Canoa). Así mesmo, analizarase conxuntamente a utilización por parte da Axencia, para o control dos préstamos e axudas, do sistema de control de préstamos e avais (Presya2) da Intervención Xeral, coa adecuación que sexa preciso realizar para tal efecto, mediante a subscrición do correspondente convenio.

Artigo 36. *Contas anuais.*

1. O director formulará as contas anuais nun prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, serán sometidas ao Consello Reitor para a súa aprobación dentro do primeiro semestre do ano seguinte a que se refiran.

2. O presidente renderá as contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo dos sete meses seguintes ao peche do exercicio económico e unha vez aprobadas aquelas polo Consello Reitor.

Artigo 37. Control da xestión económico-financeira.

1. O control externo da xestión económico-financeira da Axencia corresponderá ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada na Axencia, que queda adscrita ao director, sen prexuízo da súa dependencia funcional e orgánica da Intervención Xeral da Administración do Estado, en cuxa relación de postos de traballo se crearán os correspondentes postos.

3. Anualmente, a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Oficina Nacional de Auditoría, realizará unha auditoría pública operativa e de cumprimento sobre as axudas e préstamos concedidos pola Axencia.»

Artigo 38. Control de eficacia e supervisión.

1. A Axencia estará sometida ao control de eficacia e supervisión, que ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos encomendados, o seguimento do contrato de xestión, do plan anual de actuación e a adecuada xestión dos recursos públicos asignados.

2. O control de eficacia será exercido polo Ministerio de Economía e Competitividade, a través da inspección dos servizos ministeriais, e terá por obxecto avaliar o cumprimento dos obxectivos propios da actividade específica da Axencia, de acordo co establecido no contrato de xestión e no plan anual de actuación, sen prexuízo do control a que se refire o artigo 37.

3. A Axencia estará sometida, igualmente, á supervisión do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que verificará a subsistencia das circunstancias que xustificaron a súa creación, o cumprimento dos seus fins, á luz do grao de consecución dos obxectivos avaliados no control de eficacia, ou a súa sustentabilidade financeira.

CAPÍTULO IX

Disposicións e actos administrativos e asistencia xurídica*Artigo 39. Actuación administrativa.*

1. A Axencia ditará as normas internas necesarias para o cumprimento do seu obxecto e para o seu funcionamento, que poderán adoptar a forma de:

- a) Resolucións do Consello Reitor, que deberán ser subscribas polo seu presidente.
- b) Resolucións, instrucións e circulares do director.

2. Para o exercicio das potestades administrativas da Axencia, os seus órganos poderán ditar actos e resolucións administrativos.

3. Os actos e resolucións ditados polo presidente, polo Consello Reitor e polo director da Axencia poñen fin á vía administrativa e serán susceptibles de impugnación en vía contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

Artigo 40. Asistencia xurídica, representación e defensa en xuízo.

De conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 28/2006, do 18 de xullo, o asesoramento xurídico da Axencia será desempeñado pola Avogacía do Estado no Ministerio de Economía e Competitividade, sen prexuízo de que, en función das necesidades da Axencia, se poida acordar a sinatura dun convenio de asistencia xurídica nos termos do artigo 14 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, no marco do contrato de xestión.